

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/12/2021 7:58:45

SAIDA 18665/21

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 134/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada [REDACTED] mediante escrito do 16 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 9 de setembro de 2021, da Dirección Xeral Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lle dá acceso ao informe referente a datos estatísticos sobre ataques de lobo e axudas solicitadas, concedidas e denegadas en compensación por ataques de lobo nos últimos dez anos.

O reclamante indicaba que solicitou os datos estatísticos sobre ataques de lobo e axudas concedidas en compensación e, na resposta dada pola Consellería, non se inclúen a relación de persoas físicas e xurídicas que recibiron axudas.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 29 de setembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en

cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A solicitude foi recibida pola Consellería con data do 1 de outubro de 2021.

Terceiro. Con data do 25 de outubro de 2021 a Consellería contesta á petición, remitindo informe e copia do expediente solicitada.

No informe asinado polo Xefe do Servizo de Caza e Pesca Fluvial, en resumo faise constar que na resposta dada á solicitude de acceso á información interpretouse que o interesado quería coñecer o número de axudas concedidas e o seu importe, non a identidade dos beneficiarios.

No que respecta á información relativa a axudas públicas, a Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 8.1 c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 17 p1 e 2 e 3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publica no seu portal de Transparencia tódalas convocatorias e subvencións concedidas na súa web, da que indica os enlaces nos que se pode consultar e considera que de acordo co disposto no artigo 18.1.a) da Lei 19/2013, ao tratarse de información en curso de publicación, a solicitude incorre na causa de inadmisión do dito artigo.

Visto o recurso, considera que a solicitude do reclamante non se non se axusta a dereito, non podéndose facilitar a identidade das persoas que recibiron axudas para paliar os danos do lobo nos últimos dez anos, procedendo a súa denegación de conformidade co artigo 13.2.f da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, ao afectar negativamente á confidencialidade dos datos persoais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

O interesado presentou a súa reclamación o 16 de setembro de 2021, e a resolución impugnada ditouse con data do 8 do mesmo mes, polo que debe considerarse presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, datos estatísticos sobre ataques de lobo e axudas solicitadas, concedidas e denegadas en compensación polos ataques nos últimos dez anos.

A citada Consellería, resolveu a solicitude de acceso á información de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, ao considerar que a informe solicitada é información ambiental.

Entrando na análise da información solicitada, debemos considerar que a información que se solicita ten carácter medioambiental, e así o considera a Dirección Xeral, que resolveu a solicitude de acordo coa dita normativa, indicando ao reclamante que contra a mesma podería interpoñer recurso de alzada ante a titular da Consellería, e non reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia.

O artigo 2.3 da citada Lei 27/2006, considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, auga, o chan etc.), a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xeneticamente e a



interacción entre estes elementos, os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente, as medidas, incluídas as administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

Certamente, o concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006, e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que o concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de medidas administrativas, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

De acordo co anterior, non cabe senón concluír que a solicitude, polo seu contido relativo a materias que sen dúbida deben ser incluídas dentro do concepto de información ambiental do artigo 2 da citada Lei 27/2006, debe ser tramitada de acordo co procedemento establecido na mesma, incluíndo os procedementos de recurso, como indicou a Dirección Xeral na resolución impugnada no senso de que contra a mesma procede en caso de desconformidade, interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería, carecendo por tanto esta Comisión de competencia para resolver sobre esta materia, polo carácter ambiental da información que se solicita.

Por tanto, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, deben tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 16 de setembro de 2021, contra a Resolución do 9 de setembro de 2021, da Dirección Xeral Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lle dá acceso ao informe referente a datos estatísticos sobre ataques de lobo e axudas solicitadas, concedidas e denegadas en compensación por ataques de lobo nos últimos dez anos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.12.01 14:04:09 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.